

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 19 de maio de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día dezanove de maio de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urxente de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral accidental, Sr. Suárez e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(834).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia da sesión por todos os asistentes.

2(835).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚA BOLIVIA (ENTRE GRAN VÍA E PANAMÁ) E PADRE D. RÚA. EXPTE. 196/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 18.05.10, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 19.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación provisional de 27 de abril de 2010, no sentido de fixar como melloras aceptadas pola administración as seguintes:

1. 183,68 m2 Cambio pavimento baldosas flamexadas rosa porriño 80x80x 4 cm por roxo Venezuela 80x80x4 cm.
2. 52 ud. Cambio alcorque fundición ductil modelo sol ou similar por alcorque roxo altamira flamexado por catro pezas
3. 92 ud. Revestimento con morteiro de alta resistencia en pozos
4. 83 ud Xuntas estancas en pozos de saneamento resina epoxi (83 unidades)

2º.- Adxudicar definitivamente a U.T.E. SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. - FOMENTO DE ÁRIDOS Y OBRAS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das “OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA DA RÚA BOLIVIA (ENTRE GRAN VÍA E PANAMÁ) E PADRE DON RÚA” (expediente 196-440) por un prezo total de 1.609.801,12 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 222.041,53 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 14 persoas, aportan a maiores 3 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 3 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 36.287,49 € euros máis IVE:

1. 183,68 m2 Cambio pavimento baldosas flamexadas rosa porriño 80x80x 4 cm por roxo Venezuela 80x80x4 cm.
2. 52 ud. Cambio alcorque fundición ductil modelo sol ou similar por alcorque roxo altamira flamexado por catro pezas
3. 92 ud. Revestimento con morteiro de alta resistencia en pozos
4. 83 ud Xuntas estancas en pozos de saneamento resina epoxi (83 unidades)

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

3(836).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS DE AUGAS E ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN NO ENTORNO DA COLEXIATA DE VIGO UBICADA NO CASCO HISTÓRICO DA CIDADE. EXPTE. 5465/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 18.05.10, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 14.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a empresa C.ALDASA, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das “OBRAS DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS DE AUGAS E ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN NO ENTORNO DA COLEXIATA DE VIGO UBICADA NO CASCO HISTÓRICO DA CIDADE, CON CARGO AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL (expediente 5465-307) por un prezo total de 660.053,30 euros, IVE incluído, (a cota correspondente ó IVE é de 91.041,83 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 7 persoas, aporta a maiores 1 persoa procedente de situación legal de desemprego das que 1 e desempregada de longa duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 34.739,65 euros:
 1. Revestimento con morteiro de alta resistencia en pozo de rexistro.
 2. Tapas recheas en arquetas de rexistro.
 3. Xardineira 45*25 en chapa de 5 mm.
 4. Xardineira 80*40 en chapa de 5 mm.
 5. Plantacións arbóreas.
 6. Alcorques.
 7. Recercados de alcorques en inox.
 8. Luminarias Brazo parede Vigo H de Setga y luminarias Vigo H de Setga.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

4(837).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE DEPORTIVO EN BARREIRO. EXPTE. 9379/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 14.05.10, fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a UTE ANTALSIS, S.L.-MOVEXVIAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da construción dun parque deportivo en Barreiro (expediente

9379-333) por un prezo total de 993.815,90 euros IVE incluído (a cota correspondente ó IVE é de 137.078,06 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 13 persoas, aportan a maiores 3 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 3 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 48.786,48 euros:
 1. Taquillas de resina
 2. Substitución de ml de varqanda de aceiro

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

5(838).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA TOMÁS A. ALONSO (CURVA SAN GREGORIO). EXPTE. 195/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 14.05.10, fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Sercocsa Proyectos y Obras, S.A., o procedemento aberto para a contratación das “obras de instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica da rúa Tomás A. Alonso (curva de San Gregorio) (expediente 195-440) por un prezo total de 1.148.405,89 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 158.400,81 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 11 persoas, aportan a maiores 2 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 2 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 21.013,47 euros:

1. Substitución pavimento lousas granito rosa porriño 80x80x4 a baldosas vermello Venezuela 80x40x4 cm
2. Revestimento con morteiro en pozos (41 unidades)
3. Xuntas estancas en pozos de saneamento (41 unidades)
4. Xardineira mod. Sifu 710+ (2 unidades)

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

6(839).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA (ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU RUÍZ). EXPTE. 199/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 18.05.10, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 14.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a empresa MOVEXVIAL, S.L. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das “OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA LUMINICA NA RÚA LOPEZ MORA ENTRE PI Y MARGALL E JOSE FRAU RUIZ (expediente 199-440) por un prezo total de 1.660.604,96 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 229.048,96 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 12 persoas, aporta a maiores 2 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 2 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Das melloras ofertadas admítense as seguintes valoradas pola administración nun importe total de 47.161,06 euros:

19 ud Tapas recheables 50x50
79 ud Tapas recheables 60x60
2 ud Tapas recheables 80x80
76 Selado pozos morteiro hidrófugo
13 m Xardineiras granito gris alba con cimentación de formigón HM20
1 Cadro de mando multiusos serie TEUCRO
867,85 m2 reforzo mallado base formigón entrada graxes e aparcadoiros
5 ud sinalización vertical e horizontal praza aparcadoiro minusválidos

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada

7(840).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA DEPORTIVA PARA MAIORES EN VALADARES. EXPTE. 4958/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 18.05.10, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 19.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a mercantil OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de “construcción dunha pista deportiva para maiores en Valadares” (Expediente 4598-320) por un prezo total de 137.365,22 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 18.946,93 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 3 persoas, aporta a maiores 1 persoa procedentes de situación legal de desemprego, que é desempregada de larga duración.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1%, pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas ó 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 8.000 € euros:
 1. Banco modelo Bilbao o similar (4unidades)
 2. Papeleira fixa modelo Bruma (4 unidades)
 3. Xardineira granito gris alba (1 unidade)

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 08-04-2010 e a oferta presentada.

8(841).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DA SAÚDE DOS EMPREGADOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19711/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 18.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a SOCIEDAD DE PREVENCION DE FREMAP, S.L., o procedemento negociado con publicidade dos “SERVIZOS DE VIXIANCIA DA SAUDE

DOS EMPREGADOS DO CONCELLO DE VIGO”(expediente 19711-220) por un prezo total de 54.281, 25 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Manifesta que no seu cadro de persoal propio e adscritos ao centro ou centros de Vigo dispón de 5 especialistas en Medicina do traballo susceptibles de ser adscritos a execución do contrato (presentará a documentación acreditativa desta circunstancia)
- Manifesta que no seu cadro de persoal propio e adscritos ao centro ou centros de Vigo dispón de 9 especialistas en DUE susceptibles de ser adscritos a execución do contrato(presentará a documentación acreditativa desta circunstancia).
- Manifesta que dispón en Vigo de 1 centro acreditado para Vixilancia da Saúde susceptibles de ser adscritos a execución do contrato (presentará a documentación acreditativa desta circunstancia).
- Propón como melloras:
 - Comprométense a realizar 14 charlas informativas/formativas sobre promoción da saúde.
 - Diseñar, de acordo co Servizo de Prevención Propio, campañas de promoción da saúde sobre riscos profesionais, condicións saudables de traballo, así como asesorar ao Concello das campañas de promoción e prevención da saúde mais adecuadas segundo os resultados dos recoñecementos médicos e segundo as necesidades do Concello.
 - En tódolos recoñecementos médicos, realizarán actividades de promoción da saúde en función dos resultados obtidos, entregando aos traballadores documentación informativa ao respecto, e/ou segundo as necesidade de cada traballador.
 - Ofrece á administración municipal a posibilidade de participar na CATEDRA FREMAP DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO NA MEDICINA DO TRABALLO.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 12 de abril de 2010 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

9(842).- PROXECTO DE OBRAS DE EXECUCIÓN DE RENOVACIÓN DO PAVIMENTO, SUBSTITUCIÓN DE BARREIRAS E REIXAS DE PROTECCIÓN E SUBSTITUCIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA, NA PONTE SOBRE AP-9 E FF-CC NA RÚA COUTADAS. EXPTE. 7010/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e emprego, do 18.05.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de obras de execución de renovación do pavimento, substitución de barreiras e reixas de protección e substitución de Iluminación Pública, na Ponte sobre AP-9 e FF-CC na rúa Coutadas, realizouse dito proxecto, dentro do proxecto “Rexeneración Urbana de Teis “

10(843).- PROXECTO DE OBRAS DE EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS E CICLOVIA NA RÚA JULIÁN ESTÉVEZ. EXPTE. 6875/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e emprego, do 18.05.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de obras de execución de beirarrúas e ciclovia no rúa Julián Estévez, dentro do proxecto “Rexeneración Urbana de Teis”.

11(844).- PROXECTO DE OBRA DE MELLORA DE CONEXIÓNS TRANSVERSAIS EN TEIS: ACONDICIONAMENTO DE PASOS INFERIORES EN CAMIÑO FERREIRA E CAMIÑO PINGUELA. EXPTE. 6966/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e emprego, do 18.05.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobación do proxecto de obra de mellora de conexións transversais en Teis: Acondicionamento de pasos inferiores en Camiño Ferreira e Camiño Pinguela.

12(845).- PROXECTO DE OBRA DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS URBANOS DA PRAIA DE LAGOA NO BARRIO DE TEIS. EXPTE. 7059/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e emprego, do 18.05.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobación do proxecto de obra de mellora e acondicionamento para a implantación de servizos urbanos na praia da Lagoa no Barrio de Teis.

13(846).- PROXECTO DE OBRA DE EXECUCIÓN DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS URBANOS NAS PRAIAS DE MENDE, RIOS E MANQUIÑA. EXPTE. 7062/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e emprego, do 18.05.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de obra de execución de mellora e acondicionamento para a implantación de servizos urbanos nas praias de Mende, Rios e Manquiña, ao abeiro do Proxecto Rexeneración Urbana de Teis.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.